

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Expte. 47847-220

ANTECEDENTES

I.- En data 27/02/2026 a Xunta de Goberno Local aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, a designación de órganos de selección, datas e lugares do primeiro exercicio dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (3ª fase). (BOPPO núm. 44, de 5 de marzo de 2026)

II.- En data 15/04/2026 ditouse resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal pola que se aprobou a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (3ª fase), así como a modificación da composición dos órganos de selección en base as renuncias xustificadas e causas de abstención achegadas.

III.- Detectado erro na resolución de 15/04/2026 en canto ao nomeamento da presidencia do órgano de Técnico/a superior en actividades culturais e educativas, ao figurar proposta a favor de María Gómez Janeiro, xefa de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo, a cal figura nomeada no mesmo órgano, en calidade de vogal segunda, debe procederse á súa corrección ao abeiro do disposto no art. 109. 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

IV.- En canto as incidencias producidas con respecto ao nomeamento dos órganos de selección, constan presentados os seguintes escritos de renuncia por motivos persoais xustificadas con posterioridade á resolución de 15/04/2026:

-Documento 260092921 Susana Ares Gómez, escrito renuncia por razón persoal xustificada para ocupar a vogalía segunda do órgano de selección de Técnico/a medio/a servizos económicos.

-Documento 260096960- Francisco González Yebra-Pimentel, escrito de escrito de renuncia por razón persoal xustificada para ocupar a secretaría do órgano de selección de Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, e a secretaría suplente do órgano de selección de Enxeñeiro/a industrial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

i.- Rectificación de erro

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

Polo tanto, debe procederse á corrección do erro no apartado 3º da resolución de data 15/04/2026, e logo de aceptar a renuncia presentada por María José Loureiro Bada, por razón persoal xustificada para ocupar a presidencia do órgano de selección de Técnico/a superior en actividades culturais e educativas.

Nomear no seu lugar de:

- Presidencia do órgano de selección de Técnico/a superior en actividades culturais e educativas a: Jesús Núñez-Torrón López, xefe de área de Benestar Social do Concello de Vigo.

ii.- Incidencias do órgano de selección.-

Analizadas as causas alegadas así como as circunstancias concorrentes en cada caso, procede a substitución dos seguintes membros dos seguintes órganos de selección:

-Aceptar a renuncia presentada por Susana Ares Gómez, por razón persoal xustificada para ocupar a vogalía segunda do órgano de selección de Técnico/a medio/a servizos económicos.

Nomear no seu lugar de:

-Vogalía segunda do órgano de selección de Técnico/a medio de servizos económicos a: Ruth María Gallego Santos, técnica de xestión do Concello de Vigo.

-Aceptar a renuncia presentada por Francisco González Yebra-Pimentel, por razón persoal xustificada para ocupar a secretaria do órgano de selección de Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos, e a secretaria suplente do órgano de selección de Enxeñeiro/a industrial.

Nomear no seu lugar de:

- Secretaría do órgano de Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos a: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria da administración municipal do Concello de Vigo.

- Secretaría suplente do órgano de selección de Enxeñeiro/a industrial a: Susana Gallardo Fariña, secretaria do goberno local do Concello de Vigo.

Á vista do exposto, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024), así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 27/02/2026 propónse a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Rectificar ao abeiro do art. 109. 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o apartado terceiro da resolución de 15/04/2026, de xeito que, onde di:

"TÉCNICO SUPERIOR ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

- **Presidencia:** María Gómez Janeiro, xefa do servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.”

Debe dicir

“TÉCNICO SUPERIOR ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS

- **Presidencia:** Jesús Núñez-Torrón López, xefe de área de Benestar Social do Concello de Vigo.”

Segundo.- Aceptar as causas de renuncia por motivos persoais xustificadas de varios dos membros dos órganos de selección nomeados no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2026 e por resolución da concelleira de área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de 15/04/2026, en base aos fundamentos xurídicos da presente resolución, recollidos no apartado II.- Incidencias órganos de selección.

En base ao anterior, procede o nomeamento dos seguintes membros e nos seguintes órganos de selección:

ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS CANAIS E PORTOS

Secretaría: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria da administración municipal do Concello de Vigo.

ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL

- **Secretaría suplente :** Susana Gallardo Fariña, secretaria do goberno local do Concello de Vigo.

TÉCNICO/A MEDIO DE SERVIZOS ECONÓMICOS

-**Vogalía segunda:** Ruth María Gallego Santos, técnica de xestión do Concello de Vigo.

Terceiro.- Lembrar aos membros do órgano de selección que deben aportar o correspondente certificado de superación do curso de formación en materia de igualdade na Área de Recursos Humanos e Formación para a incorporación documental ao expediente.

Cuarto.- Dispoñer que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á notificación do novo membro do órgano de selección designado, así como á publicación da presente resolución na páxina web municipal (www.vigo.org).

Quinto.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A técnica de administración xeral.- Rosa María Otero Malvárez

CONFORME.-

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).- María Olga Alonso Suárez

DECRETO: Logo de examinar a precedente proposta, RESOLVO de conformidade con ela.

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 7/11/2025 e delegación expresa por acordo Xunta de Goberno Local de data 27/02/2026).-Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, a Secretaria

